



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 10/2021, DO  
DIA 2 DE DECEMBRO DE 2021**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e dez minutos do xoves día 2 de decembro de 2021, previa convocatoria de sesión extraordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 29 de novembro, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D <sup>a</sup> . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D <sup>a</sup> . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

**ORDE DO DÍA**

**I. PARTE RESOLUTIVA:**

**1. Acta anterior:**

- Núm. 9/2021, do 28 de outubro de 2021.

**2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de solicitude de execución de obra para habilitar uns terreos para aparcadoiros na Rúa Recaré ao Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana.**

-----

Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada, xustificando este que a sesión celébrase con carácter extraordinario no día de hoxe porque por motivos persoais da Secretaria Interventora non se pudo celebrar o último xoves do mes de novembro (de conformidade ao acordo do pleno de organización relativo á periodicidade preestablecida).

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

**1. Acta anterior:**

- Núm. 9/2021, do 28 de outubro de 2021.

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de solicitude de execución de obra para habilitar uns terreos para aparcadoiros na Rúa Recaré ao Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana.**

Dase conta da proposta do Sr. Alcalde-Pedáneo de 26.11.2021 co seguinte contido:

“Antecedentes de Feito:

*Esta Alcaldía Pedanía considera urxente a necesidade de habilitar uns terreos para aparcadoiro ante as reiteradas queixas da veciñanza debido ás molestias xurdidas como consecuencia do gran volumen e masificación de vehículos na rúa Recaré, tanto na entrada como na saída do alumnado do Colexio Rosalía de Castro, e unha vez constatado o perigo que supón para o tránsito normal da circulación de vehículos como para os peóns.*

Proposta:

*Esta proposta ven motivada pola existencia duns terreos de titularidade do Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana (adxúntase plano de localización e fotografías do mesmo) que se atopan o carón da citada estrada sen ningún tipo de actividade ou utilidade reseñable, os cales se poderían habilitar como zona para un aparcadoiro que resultaría de gran axuda para a solución do citado problema.*

*Polo tanto, propoño que se solicite ao Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana se realicen as xestións oportunas para a execución da referida obra.*

*De todas maneiras, a Xunta Veciñal decidirá o que estime oportuno”.*

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos cinco membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20.14 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis